

Ola , bos días , eu chámome Xabi e vouche facer unhas preguntas sobre o teu traballo.

1- Dedicácheste sempre a esta actividade?

2- Cantos anos hai que te dedicas a ela?

3- Cantos tipos de cultivos facedes?

4- A agricultura que ti practicas de que tipo consideras que é : tradicional, industrial , ecolóxica ou natural?

5- Que tipo de formación tiveches que recibir para comezar a túa andaina?

6- Cantas hectáreas de terreo traballades?

7- Con cantas persoas traballando conta a túa empresa neste momento?

8- Contades coa axuda de subvencións para facer esta actividade?

9- Supoño que é moi importante para ti a axuda familiar que tes, non?

10- Os terreos que explotades son todos vosos ou contades con algúns arrendados?

11- Faise raro atopar nesta actividade un mozo novo coma ti , que foi o que te empurrou a decidirte por esta profesión?

12- De que xeito vos afectou a normativa de non poder plantar patacas no noso Concello?

13- Que cultivos se dan mellor nesta zona?

14- Facedes cultivo de invernadoiro ou máis no exterior?

15- A venda é directa ou a grandes superficies?

16- Facedes tamén venda por Internet ? Supón unha porcentaxe

elevada?

17- Déusevos o caso de que por malas condicións meteorolóxicas se vos estropearan cultivos?

18- É rendable adicarse a isto?

19- Precisaches de moito investimento en maquinaria?

20- Empregades moito produto químico para os cultivos?

21- Gustaríache que a túa filla continuase coa túa empresa?